



## OS ESPECIALISTAS APOSTAN POLO DIAGNÓSTICO PRECOZ DA DISFAXIA PARA INCREMENTAR AS POSIBILIDADES DE RECUPERACIÓN DO PACIENTE

- *Con motivo do Día Mundial da Disfagia, ucistas, neurólogos, rehabilitadores, otorrinos, fisioterapeutas e logopedas insisten na importancia dun diagnóstico precoz para evitar as complicacións asociadas*
- *No marco do Programa Desnutrición Zero, na Unidade de Coidados Intensivos realízaseselles un cribado aos pacientes para detectar este trastorno*
- *Na UCI, máis do 40% dos pacientes recién extubados e entre 50-80% dos traqueotomizados presentan disfagia*

**Vigo, 12 de decembro de 2022.** Con motivo do Día Mundial da Disfagia que se conmemora hoxe, os especialistas en coidados intensivos, neuroloxía, rehabilitación e O.R.L., xunto con fisioterapeutas e logopedas da Área Sanitaria de Vigo veñen a sumarse a esta conmemoración para visibilizar un trastorno que afecta a unha porcentaxe elevada da poboación e que, moitas veces, está infradiagnosticado.



A disfagia é a dificultade para tragar a comida e as substancias líquidas de maneira natural e que, polo tanto, necesita da atención inmediata dun especialista. Segundo explica a ucista e coordinadora do Grupo Desnutrición Zero, Eva Menor "na Unidade de Coidados Intensivos, máis do 40% dos pacientes recém extubados e entre o 50-84% dos sometidos a unha traqueotomía padecen este problema. En total afecta a uns 300 pacientes anuais ingresados na UCI. Un cribado a tempo e unha detección temperada minimiza significativamente os riscos de complicacións asociadas e permite unha maior porcentaxe de recuperación".



### **Protocolo cribado na UCI**

Así, un dos piares do *Programa de Desnutrición Zero* é a continuidade dos cuidados e a transición á dieta oral; isto é, que o paso da nutrición artificial á oral se realice de xeito seguro. Para isto, o servizo de Medicina Intensiva puxo en marcha un protocolo de cribado de disfaxia para detectar precozmente este trastorno nos pacientes ingresados na UCI.

Así, o persoal de enfermaría -que ten recibido unha formación específica neste campo- realiza un test ao paciente no momento da comida e, segundo a puntuación obtida, valóraselle e decídese se necesita a intervención terapéutica do logopeda; ou ben modificar a súa dieta para adaptala á súa situación; ou simplemente volver a reevalualo en 24 horas.

"A gran maioría das disfaxias, cando son producidas pola debilidade adquirida do músculo e non por outra causa, conséguese recuperar con rehabilitación logoterápica", asegura a doutora Menor.

### **Abordaxe integral**

Ademais da afectación aos pacientes en UCI, en xeral a disfaxia representa un problema de saúde con gran incidencia na calidade de vida de quen a padece e dos seus familiares ou cuidadores, que afrontan con moita inseguridade e medo as horas das comidas.

Trátase dun trastorno da deglución caracterizado por unha dificultade na preparación oral do bolo alimenticio ou no desprazamento do alimento desde a boca ata ao estómago. Pode ter unha orixe funcional (habitualmente neuróxeno) ou mecánica, e tamén pode ser secundaria a outros factores, como ás cánulas de traqueostomía ou algúns fármacos.

Ás veces, os pacientes presentan dificultades moi severas que fan que parte do bolo alimenticio se vaia á vía aérea. Os pacientes con este problema teñen máis probabilidades de ingresar no hospital por pneumonías, desnutrición, e incluso se rexistra un maior índice de mortalidade por estes motivos.

Ten maior incidencia nas idades máis avanzadas, en enfermos xeriátricos e institucionalizados, e naquelas persoas que sufriron un ictus.

A estes pacientes engádense os enfermos con patoloxías neurodexenerativas (Párkinson, demencias, ELA, Esclerose Múltiple, miastenia,...); os que pasaron por cirurxías otorrinolaringolóxicas ou neurolóxicas; ou poboación infantil con trastornos neurolóxicos.



Unha correcta abordaxe reduce o tempo de hospitalización dos enfermos, así como os reingresos hospitalarios por complicacións respiratorias.

Neste senso, os e as logopedas da Área Sanitaria de Vigo teñen elaborado diferentes materiais para impartir obradoiros ás persoas cuidadoras destes pacientes así como diferentes cursos de formación específica para o persoal sanitario implicado nos seus cuidados.